

DECRETO 82/1987, DO 26 DE MARZO, POLO QUE SE CREA O REXISTRO DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

DOG. nº 80, do 29 de abril de 1987. Corrección de erros DOG. nº 105, de 4 de xuño

O Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 27.21, atribúelle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de promoción e ordenación do turismo. Tal precepto conleva a facultade e a responsabilidade de regular adecuadamente todo lo tocante ó turismo na nosa Comunidade para ver de conseguir un cualificado desenvolvemento do sector.

Para isto cómpre crear un Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas que sirva de soporte para a realización dunha política turística eficaz e positiva, xa que a través daquel se poderán lograr: unha clasificación sectorial das empresas e actividades turísticas; información e orientación para unha mellor distribución da súa ubicación; a realización de estudos e conclusións estadísticas; a normalización de beneficios e axudas ó sector; a eliminación da competencia desleal e o recoñecemento formal por parte Administración autonómica das empresas que desenvolven a súa actividade no ámbito turístico.

En consecuencia, a proposta do Conselleiro de Traballo, Industria e Turismo, logo de deliberación do Consello de la Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de marzo de mil novecientos oitenta e sete,.

DISPOÑO:

CAPITULO I

Artigo 1.

Créase o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas,¹ que se adscribe á Consellería de Traballo, Industria e Turismo.²

Artigo 2.

O obxecto fundamental do Rexistro de Empresas e Actividades³ é elaborar e dispoñer dun censo exhaustivo das empresas e actividades turísticas regulamentadas ou en vías de regulamentación pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como daqueloutras que, aínda sen incumbi-la súa regulamentación á Consellería responsable en materia de turismo,⁴ por mor dos servizos, instalacións e o interese que poidan representar, sexan consideradas discrecionalmente pola Administración merecentes de figuraren inscritas, sempre que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO II

INSCRICIÓN

Artigo 3.

A inscrición será obrigatoria para tódalas empresas e actividades turísticas regulamentadas que se especifican no Anexo I.⁵

¹ Por Orde do 19.04.01 (III.4), dásele carácter de ficheiro automatizado de datos de carácter persoal de nivel básico.

² Actualmente, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).

³ Ver artigo 24 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I.2).

⁴ Actualmente, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).

⁵ Ver artigo 25 e disposición transitoria segunda 3 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I.2).

Artigo 4.

A inscrición será voluntaria⁶ para tódalas empresas e actividades turísticas que non sexan regulamentadas pola Consellería de Traballo, Industria e Turismo⁷ e que se especifican no Anexo II, pero si será requisito indispensable para poderen optar ás axudas, subvencións, recompensas e distincións que a Xunta de Galicia poida outorgar, segundo se establece no artigo 20 do presente decreto.

Artigo 5.

O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas dependerá da Dirección Xeral de Turismo que velará polo seu bo funcionamento, correspondéndolle a calificación e clasificación da documentación baixo a súa custodia, así como a expedición das certificacións que se soliciten.⁸

Artigo 6.

As solicitudes de inscrición, das que figura especificado o modelo do anexo III, xunto co correspondente cuestionario de datos, constarán de tres corpos, un para o interesado, outro para a Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Industria e Turismo e outro para a Dirección Xeral de Turismo.⁹

Artigo 7.

As solicitudes de inscrición, tanto de empresas e actividades turísticas regulamentadas como das non regulamentadas que o soliciten, tramitaranse a través dos correspondentes órganos provinciais da Consellería de Traballo, Industria e Turismo,¹⁰ que as trasladarán ó Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas no prazo de dez días, acompañadas de informe sobre a actividade que desenvolven e o seu nivel de interese turístico, así como cantos extremos se consideren de relevancia para os obxectivos propostos.

As empresas e actividades turísticas, regulamentadas o non, xuntarán á súa solicitude de inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas unha memoria, o máis ampla posible, das súas actividades e estrutura.

Artigo 8.

As empresas e actividades turísticas incluídas no anexo I ás que se lles outorgue autorización de apertura quedarán automaticamente inscritas no Rexistro, para o cal presentarán, xunto coa documentación necesaria para a petición da apertura, o impreso de solicitude de inscrición que figura no anexo III.

Artigo 9.

No caso de seren varias as empresas e actividades turísticas que se pretenden rexistrar, aínda que a súa titularidade sexa idéntica, presentaranse tantas solicitudes de inscrición como empresas ou actividades diferentes sexan.

Artigo 10.

Cando a empresa ou actividade que se pretenda inscribir estea sometida a calquera tipo de ordenación administrativa, específica ou xeral, o solicitante declarará que posúe a oportuna autorización, reseñando el órgano competente na materia e a referencia ó pertinente permiso. O responsable do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas poderá solicitar, cando o considere necesario, a xustificación documental daquela declaración.

CAPITULO III

PROCEDEMENTO

Artigo 11.

A Dirección Xeral de Turismo resolverá as dúbidas que se susciten e decidirá sobre a procedencia da inscrición para as empresas e actividades turísticas non regulamentadas. A resolución do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas será notificada ó interesado, quen, caso de disconformidade, poderá interpoñer recurso de alzada¹¹ perante o Conselleiro de Traballo, Industria e Turismo¹² no prazo de quince

⁶ Ver artigo 25.2 e disposición transitoria segunda 3 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I.2).

⁷ Actualmente, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).

⁸ Ver artigo 7 da Orde do 19.04.01 (III.4).

⁹ Actualmente, Delegacións Provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (V.1).

¹⁰ Ver nota 9.

¹¹ De conformidade co artigo 115.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o prazo para interpoñer-lo recurso de alzada é dun mes.

días.

Artigo 12.

No caso de non poderse practica-la inscrición por insuficiencia dos datos achegados, o interesado será requerido para completalos. Se se trata dunha empresa ou actividade non regulamentada -polo tanto, de inscrición non obligatoria-, transcorridos dez días sen que as omisións sexan reparadas, entenderase que se desiste da inscrición solicitada.

Pola contra, no caso de a solicitante ser unha empresa ou actividade regulamentada, se, logo de requerimento, no prazo de dez días non corrixe os datos omitidos, a Dirección Xeral de Turismo iniciará unha acción inspectora e, de se comproba-la existencia de posibles infraccións ás disposicións vixentes, levantarase a acta correspondente que orixinará a incoación do preceptivo expediente de sanción conforme ó procedemento en vigor.

Artigo 13.

O titulares das empresas ou actividades quedan obrigados a comunicarlle ó órgano provincial competente¹³ las modificacións de datos reseñados na inscrición e na solicitude de apertura, así como a cancelación da actividade, no prazo de quince días.¹⁴ Pola súa parte, a Delegación correspondente poñerá no coñecemento da Dirección Xeral de Turismo estas modificacións ou cancelaciones no prazo de quince días.

Artigo 14.

O responsable do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas queda obrigado a reseñar no asentamento correspondente os cambios e alteracións que se produzan á vista da oportuna documentación, así como calquera incidencia, positiva ou negativa, relativa á entidade ou ó profesional a quen corresponda que puidese influír na súa calificación.

Artigo 15.

Sen prexuício de cubriren os formularios que a Dirección Xeral de Turismo remita ós interesados para actualiza-lo Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, as empresas e actividades turísticas regulamentadas e as non regulamentadas inscritas quedan obrigadas a facilitaren información dos datos estadísticos que lles solicite a Dirección Xeral de Turismo.

Artigo 16.

Os asentamentos de inscrición conterán, necesariamente, as seguintes circunstancias:

- a) Número de entrada.
- b) Indicativo, que estará composto pola sigla ou código correspondente á actividade.
- c) Actividade que se desenvolve, atendendo, no caso de seren varias, ó disposto no artigo 10.
- d) Razón social ou individual, con expresión do nome completo, nº do documento nacional de identidade, localidade, domicilio e teléfono.
- e) Data de iniciación da actividade.
- f) Características do profesional ou entidade rexistrada e sucinto historial.
- g) Observacións.
- h) Data do asentamento, sinatura do responsable e selo do rexistro.

As inscricións do Rexistro pasaranse, ademais, a libros auxiliares, segundo os diversos apartados dos Anexos I e II, e separadamente por provincias e concellos, cando o seu volume o requira.

Os Libros-Rexistro de Guías-Intérpretes de Turismo e Guías de Turismo creados polo artigo 1 da Orde de 29 de decembro de 1986, da Consellería de Traballo, Industria e Turismo pasarán a te-la consideración de libros auxiliares do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

¹² Actualmente, ante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, de 8 de xaneiro (IV.1).

¹³ Ver nota 9.

¹⁴ Rexe o prazo de 10 días establecido polo artigo 25.3 da Lei 9/1997, de 21 de agosto (I.2).

Artigo 17.

1. A cancelación das inscricións practicadas con carácter obrigatorio terá lugar polo cesamento da actividade correspondente, e o interesado terá que comunicarllo por escrito no prazo de dez días á Delegación Provincial competente en materia de turismo¹⁵ que, unha vez autorizada a baixa, llo comunicará á Dirección Xeral de Turismo.

2. Establécese a cancelación de oficio cando a Administración turística teña constancia do cesamento da actividade; daquela abrirá o correspondente expediente sancionador por incumprimento do establecido no apartado 1 deste artigo.

3. Así mesmo, a cancelación será de oficio nos supostos de clausura da empresa ou actividade turística por execución de expediente de sanción.

Artigo 18.

A cancelación das inscricións practicadas con carácter voluntario terá lugar de oficio ó desaparece-las circunstancias que a motivaron.

Artigo 19.

1. As cancelacións serán practicadas no correspondente asentamento de inscrición, expresando a data na que se produciron e maila súa causa determinante.

CAPITULO IV

AXUDAS E BENEFICIOS

Artigo 20.

Figurar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas será condición indispensable para poder optar ás axudas ou beneficios concedidos ou tramitados pola Dirección Xeral de Turismo¹⁶. É aplicable o mesmo requisito para acceder ó outorgamento de placas ou medallas ó mérito turístico, sen prexuízo do establecido no Decreto 269/1985, do 1 de agosto, polo que se crean a medalla e placa "ó mérito turístico" de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As empresas e actividades turísticas das incluídas no anexo I autorizadas con anterioridade á vixencia deste Decreto quedan obrigadas a inscribirse no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas no prazo de dez meses contados a partir da publicación do presente Decreto no D.O.G.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.

Autorízase ó Conselleiro de Traballo, Industria e Turismo para dicta-las disposicións que considere oportunas para o desenvolvemento e aplicación deste Decreto.

Segunda.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ó disposto neste Decreto, que entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

¹⁵ Ver nota 9.

¹⁶ Ver último parágrafo do artigo 25.2 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I-2)

ANEXO I

Empresas e Actividades Turísticas regulamentadas ou en vías de regulamentación

- a) Establecementos hoteleiros.
- b) Apartamentos turísticos e vivendas vacacionais.
- c) Campamentos de turismo («campings»).
- d) Axencias de viaxes e tour-operadores.
- e) Axencias de información turística, privadas o institucionais.
- f) Directores de empresas turísticas.
- g) Guías e guías-intérpretes.
- h) Restaurantes.
- i) Cafeterías.
- l) Cafés, bares, tabernas.
- ll) Pubs e whiskerías
- m) Discotecas e salas de festas.
- n) Calquera outra que no futuro sexa obxecto de especial ordenación pola Consellería de Traballo, Industria e Turismo.

ANEXO II

Empresas e Actividades Turísticas non regulamentadas

Consideranse aquelas que, sen estar comprendidas no Anexo I, teñan interese turístico, tales como:

- a) Asociacións, federacións e confederacións empresariais.
- b) Asociacións, federacións e confederacións de profesionais do Turismo.
- c) Patronatos de turismo.
- d) Centros de Iniciativas Turísticas (C.I.T.).
- e) Casinos (que terán os servicios de hostelería suxeitos as súas específicas regulamentacións).
- f) Feiras e festas típicas, sempre e cando a súa organización estea avalada pola Corporación Local correspondente.
- g) Turismo deportivo: caza, pesca, hipismo, golf, piscinas, clubs náuticos, aeroclubs, alugueiro de veleiros, canoas, lanchas, táboas de windsurf y de surf; neve, etc.
- h) Liñas aéreas, liñas de autobuses, transporte marítimo, alugueiro de coches sen conductor ("rent a car"), ferrys, etc.
- i) Festas declaradas de interese turístico.¹⁷
- l) Axentes da Propiedade Inmobiliaria.
- ll) Axencias da Propiedade Inmobiliaria.
- m) Museos.
- n) Calquera outra que polo seu especial interese turístico a criterio de la Consellería de Traballo, Industria e Turismo, sexa merecente de ser incluída en el Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

ANEXO III

Solicitud de Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas

¹⁷ Actualmente reguladas polo Decreto 39/2001, do 1 de febreiro (IV.4).